


PROGRAMA
AXUDAS REDE EUSUMO
Convocatoria 2020



XUNTA DE GALICIA

Páxina 2	NORMATIVA REGULADORA FINALIDADE BENEFICIARIAS
Páxina 3	ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES NORMAS ESPECÍFICAS DE SUBVENCIONALIDADE
Páxina 4	CONTÍAS OBRIGAS
Páxina 5	PRESENTACIÓN DE SOLICITUDE PRAZO DE PRESENTACIÓN TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN PERÍODO DE EXECUCIÓN PAGAMENTO ANTICIPADO XUSTIFICACIÓN FINANCIAMENTO

IMPORTANTE:

**A información que se ofrece neste documento é un resumo
que non substitúe a orde de bases reguladoras.**

Antes de presentar a solicitude de subvención debe consultar a orde na súa versión íntegra

NORMATIVA REGULADORA

Orde do 10 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás entidades colaboradoras da Rede Eusumo para realizar actividades de promoción e impulso do cooperativismo e a economía social, e se convocan para os anos 2020 e 2021 (DOG núm. 14, do 22.01.2020).

FINALIDADE

Realización de **actividades de promoción e impulso do cooperativismo e a economía social** por parte das entidades colaboradoras da Rede Eusumo.

BENEFICIARIAS

Poderán ser beneficiarias as seguintes entidades:

- a) As **asociacións de entidades de economía social**.
- b) Os **concellos** de Galicia e as **áreas metropolitanas, mancomunidades** de municipios e os **consorcios** locais.
- c) As **cámaras de comercio**.
- d) As **universidades**.
- e) As **fundacións e asociacións** e as **organizacións profesionais, empresariais e sindicais**.

Requisitos:

- a) As entidades beneficiarias previstas no apartado a) e no e) deberán estar **legalmente constituídas e inscritas nos rexistros** competentes e estar **ao día no cumprimento das obrigas** referidas ao depósito de documentos e inscrición de acordos nos ditos rexistros.
- b) As entidades locais deben ter cumprido o deber de **remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio**, nos termos establecidos polo Decreto 193/2011, do 6 de outubro.
- c) **Ter formalizada a súa adhesión á Rede Eusumo** mediante a subscripción de convenio de colaboración coa Consellería de Economía, Emprego e Industria **con anterioridade á publicación desta Orde**.

Entenderase que cumpren este requisito os concellos pertencentes a unha agrupación de concellos, unha área metropolitana, unha mancomunidade de municipios ou un consorcio local que teñan subscrito o dito convenio.

Calquera entidade poderá participar a título individual ou de forma conxunta con outras.

ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES

As actividades de carácter informativo, divulgativo, formativo ou de asesoramento para fomentar o emprendemento cooperativo e a economía social. A título orientativo poderán consistir en:

- a) Organización de **actividades formativas**, tales como cursos e obradoiros, dirixidas a dar a coñecer os principios e características da economía social ou das súas entidades, mellorar o seu funcionamento e propiciar a súa consolidación e crecemento, así como formar o persoal responsable de titorías, especializado no asesoramento e acompañamento de proxectos.
- b) Organización de **actividades de difusión** como xornadas, conferencias, simposios, charlas ou visitas formativas.
- c) Celebración de **feiras, mostras e congresos**.
- d) Celebración de **encontros** entre entidades de economía social, ou entre estas e outros actores económicos, dirixidas á mellora da xestión, os intercambios comerciais, a intercooperación para a posta en marcha de actividades, a obtención de financiamento e outras finalidades semellantes.
- e) Actividades de **asesoramento e acompañamento a grupos promotores ou a entidades de economía social** preexistentes, para a posta en marcha de novos proxectos ou consolidación do negocio, realizadas de conformidade co “**Itinerario do emprendemento en economía social**” (www.eusumo.gal/asesoramento).

- f) Elaboración, publicación e difusión de **estudos, informes, traballos de investigación** así como **manuais, guías, unidades didácticas** ou similares, sempre que sexan inéditos.
- g) Elaboración de **proxectos de intercooperación e integración**.
- h) Elaboración de **plans estratéxicos de carácter plurianual** para o desenvolvemento da economía social.
- i) Calquera outra acción promocional que fomente o cooperativismo e a economía social.

NORMAS ESPECÍFICAS DE SUBVENCIONABILIDADE

Subcontratación: o límite máximo de subcontratación con terceiros é o 70% do custo de cada actividade. Non constitúen subcontratación os gastos nos que teña que incurrir a entidade beneficiaria para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Poderá autorizarse a superación desta porcentaxe, logo de solicitude motivada, unicamente no caso de elaboración de estudos, informes, traballos de investigación, manuais, guías, unidades didácticas ou similares (letra f) e plans estratéxicos (letra h).

Solicitude de 3 ofertas: cando o importe do gasto supere a contía establecida para os contratos menores a entidade beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores.

Gastos de auditoría: son subvencionables os gastos de auditoría cando sexa obrigatoria para a xustificación da axuda.

Para as **actividades formativas e de difusión** (letras a) e b):

- Só serán subvencionables as actividades nas que se acredite a asistencia mínima de 10 alumnos/as e sempre que polo menos o 70 % do alumnado acredite unha asistencia mínima do 80 % da duración da actividade.
- Son subvencionables tanto os custos directos como os indirectos e de organización das actividades, neste caso co límite máximo do 30% da actividade.
- Non serán subvencionables os gastos correspondentes a manutención das persoas asistentes, tales como servizos de comidas e pausa-café.

CONTÍAS

Ata o 80% do custo das actividades, cos seguintes límites:

1. Límite global:

120.000,00 € por anualidade e entidade beneficiaria. Se houber crédito remanente logo de atender todas as solicitudes, poderase incrementar ata 70.000,00 € adicionais

2. Límites específicos:

- ▶ Actividades divulgativas e formativas:
 - 3.000,00 € por actividade. Máximo de 200 €/hora na primeira edición e 150 €/hora nas seguintes.

- Gastos de material e papelería: 8 € por alumno ou alumna con asistencia acreditada.
- Custos indirectos e de organización: ata o 30% do custo total da actividade realizada e xustificada.
 - ▶ Celebración de encontros: 1.500,00 € por cada actividade.
 - ▶ Asesoramento e acompañamento a grupos promotores ou a entidades de economía social: ata un máximo de 20,00 euros por hora de atención e 2.000,00 € por itinerario completado
 - ▶ Informe de auditoría: 3.000 €.

3. Incentivo adicional:

1.000,00 € por cada entidade de economía social creada por iniciativa da entidade beneficiaria que alcanzase a fase de constitución durante o ano natural anterior, ata un máximo de 10.000,00 €.

OBRIGAS

Con carácter previo á realización de actividades divulgativas ou formativas ou á celebración de encontros (letras a, b, c e d) a entidade beneficiaria deberá poñelo en coñecemento da Subdirección Xeral de Economía Social, por correo electrónico (economiasocial.emplo@xunta.gal) cunha antelación mínima de 5 días hábiles.

Mensualmente deberán remitir, a través dun correo electrónico (eusumo.emplo@xunta.gal) ou ben a través da Carpeta cidadá dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, o documento de seguimento de accións e indicadores dispoñible na intranet das

entidades socias da Rede Eusumo (<http://eusumo.gal/intranet>), incluíndo os indicadores das actividades finalizadas no mes natural anterior.

As entidades beneficiarias deberán dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria e polo Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Unicamente por medios electrónicos, a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

Un mes a partir do día seguinte ao da publicación da orde no DOG

TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN

As axudas concederanse en réxime de concorrencia competitiva.

O órgano competente é a Secretaría Xeral de Emprego.

PERÍODO DE EXECUCIÓN

Plurianual: desde o 01 de outubro de 2019 ata o 30 de setembro de 2021

PAGAMENTO ANTICIPADO

Poderase realizar un pagamento anticipado de ata o 80% da subvención (co límite máximo do importe da axuda que corresponda ao exercicio orzamentario). Este anticipo non está suxeito á constitución de garantía.

XUSTIFICACIÓN

As entidades beneficiarias deberán xustificar o investimento e presentar a solicitude de pagamento.

No caso de subvencións de 20.000 € ou máis por cada anualidade, a conta xustificativa deberá acompañarse dun informe de auditor de contas.

Débase xustificar cada anualidade de xeito independente, segundo o seguinte calendario:

- 1ª anualidade (actuacións realizadas entre o 01.10.2019 e o 30.09.2020): data límite de presentación da xustificación: 31.10.2020.
- 2ª anualidade (actuacións realizadas entre o 01.10.2020 e o 30.09.2021): data límite de presentación da xustificación: 31.10.2021.

FINANCIAMENTO

A dotación desta convocatoria é de 633.900,00 €, financiados con fondos finalistas do Estado, distribuídos como segue:

- 2020: 225.900,00 €.
- 2021: 407.910,00 €.

Máis información:
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

Secretaría Xeral de Emprego

Edif. Administrativo. San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 545 687

ceei.xunta.gal

economiasocial.emprego@xunta.gal

eusumo.gal

info@eusumo.gal



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE TRABAJO, MIGRACIONES
Y SEGURIDAD SOCIAL



**XUNTA
DE GALICIA**